



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A xaneiro – marzo 2016

**20 de xaneiro:** entregamos...




#### **La fórmula preferida del profesor, de Yoko Ogawa**

Unha nai solteira entra a traballar como asistenta na casa dun huraño profesor de matemáticas con problemas de memoria. Apaixonado polos números, o profesor irase encariñando coa asistenta e o seu fillo de 10 anos, ata que se fragua entre eles unha verdadeira historia de amor, amizade e transmisión do saber, non só matemático.

*Comentario: 3 de febreiro*

**3 de febreiro:** entregamos...



#### **La muerte de Iván Ilich, de Lev Tolstói**

Lev Tolstói fai honra á súa fama abordando un conflito tan complexo como inevitable: é a vida que levamos digna de ser vivida?; valorámola como se merece?; a vida consciente é "como debería ser"? Todas esas preguntas, lóxicas cando nos achegamos ao noso remate, fórmulanse nesta novela breve.

*Comentario: 17 de febreiro*

**17 de febreiro:** entregamos...



#### **Una casa en Amargura, de Elisa Vázquez de Gey**

Co espectacular pano de fondo d'A Habana colonial, tres personaxes empeñados en cumprir a última vontade da súa amiga deberán familiarizarse coas reviravoltas do sistema esclavista, soportar as relación sociais que del despréndense e entrar en contacto con todo un universo de curiosos oficios relacionados coa escravitude.

*Comentario: 2 de marzo*

**2 de marzo:** entregamos...




#### **Un paraíso inalcanzable, de John Mortimer**

Ao morrer Simeon Simcox, o párroco socialista do pobo de Rapstone Fanner, os seus fillos descubren que deixou toda a súa fortuna ao deputado conservador local Leslie Titmuss. Os dous fillos de Simcox reaccionan de maneira oposta: Henry, impugnará o testamento; en cambio, o seu irmán menor, Fred, decide investigar no pasado do seu pai.

*Comentario: 16 de marzo*

**16 de marzo:** entregamos...




#### **O sol do verán, de Carlos Casares**

O suicidio de Carlos desata as lembranzas de Helena, que evoca os veráns compartidos da nenez nunha casa de vacacións nunha vila ourensá, á vez que indaga nos motivos desa acción brutal e sorprendente. Unha historia de amor e morte; tamén, canto melancólico á beleza, á xuventude e á plenitude da vida.

*Comentario: 30 de marzo*

**30 de marzo:** entregamos...



#### **La puerta, de Magda Szabó**

Retrato da relación entre unha escritora e a súa serventa durante vinte anos. Magda, unha intelectual que vive afastada da realidade, pertence á burguesía húngara. Emerence viviu na miseria e coñece os quebrantos e as amarguras que sufriu o pobo tanto na época nazi como na dos comunistas. Premio Prix Femina 2003.

*Comentario: 13 de abril*